



Confederación Intersindical Galega
BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

CONVENIO DE AFORRO
Comunicado nº 3

Os estupefactos

Unha vez máis a negociación do Convenio Colectivo das Caixas de Aforros dá mostras da degradación máis absoluta do Marco de Negociación Centralista. Cando xa levamos 4 meses sen convenio, as Caixas aínda non fixeron ningún tipo de proposta na Mesa Negociadora, tratando de dilatar ata o infinito a negociación.

Deste xeito as empresas dominan os modos e tempos da negociación, ante a desesperación e a impotencia dos sindicatos estatais que renuncian a mobilizar aos traballadores e traballadoras do sector e que, aínda por riba, comezan a impacientarse e polo tanto son máis proclives a cesións innecesarias fronte a unha patronal que se caracteriza pola súa avaricia.

Na reunión da Mesa do día 19, a ACARL simplemente fixo un discurso economicista valorando cada unha das medidas propostas pola parte social dende a óptica do incremento dos custes empresariais. A patronal alegou que as reivindicacións sindicais deixan estupefactas ás Direccións das Caixas de Aforros. Acostumados como están a eliminar e recortar dereitos en cada Convenio Estatal, a reivindicación de melloras laborais cólleos por sorpresa, son "os estupefactos".

Ante a falta de avances CCOO aceptou, agora si, a proposta realizada por UGT e CIG na pasada reunión, cando solicitamos un calendario de reunións fixando previamente as materias a tratar en cada unha das xuntanzas.

O vindeiro 8 de maio terá lugar a seguinte reunión.

Galiza, 20 de abril de 2007

